



CEIP VILARIÑO DE CONSO (VILARIÑO DE CONSO)

DATOS XERAIS: O campamento sitúase nun entorno rural e natural privilexiado da **comarca de Viana**, no corazón do **Macizo Central Ourenán**, caracterizado pola presenza de espazos de montaña, zonas de monte, ríos e paisaxes de alto valor ambiental. Este contexto ofrece amplas posibilidades para a realización de actividades ao aire libre, rutas interpretativas, xogos de exploración, educación ambiental e dinámicas en contacto directo coa natureza, favorecendo unha aprendizaxe activa, vivencial e baseada no respecto polo medio natural.

As instalacións do centro contan con aulas amplas, patios exteriores e espazos polivalentes, favorecendo a realización de actividades educativas, xogos colectivos, dinámicas deportivas e propostas creativas. O edificio distribúese en **dúas plantas**. Dispón de zonas destinadas ao aloxamento de grupos, comedor equipado para a prestación do servizo de manutención, cociña industrial adaptada á elaboración de menús colectivos, así como salas específicas para a realización de actividades e espazos destinados ao descanso e á convivencia.

Conta con accesos exteriores accesibles, que permiten a entrada ao recinto sen a presenza de barreiras arquitectónicas significativas. O interior da instalación non dispón de adaptacións específicas de

accesibilidade universal. Aínda que o acceso ao centro é posible, o uso autónomo e seguro dos espazos

interiores resulta limitado para determinados perfís de diversidade funcional, especialmente nos casos de carácter físico severo.

ACCESOS: Dende Ourense: pola N-525 e estradas comarcais, aproximadamente 1 h 30 min.

Dende Verín: pola OU-113, arredor de 50 min.

Dende A Gudiña: pola OU-533, uns 45 min.

ENDEREZO: Lugar A Faceira, 0 s/n, 32557 Vilariño de Conso, Ourense

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES
01-08 de xullo	14-15-16-17	EXPLORA O RURAL • ACTIVIDADES XERAIS: relacionados co entroido (masterclass, obradoiros, visita ao museo etnográfico); coa natureza (concienciación do lume, construcións naturais, supervivencia); co movemento (orientación con compás, tiro con arco, deportes alternativos, xogos); coa relaxación e actividades coma excursións á contorna (área recreativa do río Cinza, parque natural do Invernadoiro).
11-18 de xullo	14-15-16-17	• Obxectivos: coñecer a importancia do Entroido na comarca e poder desfrutalo de preto, traballo en equipo e respecto polo medio ambiente, desenvolvendo una conexión coa natureza e o entendemento da importancia de coidar do noso planeta. Tomar conciencia da importancia de coidar a nosa contorna e a importancia do deporte dentro dun estilo de vida saudable.



NORMAS XERAIS

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
 2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (algunha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras que figuren na solicitude, ou persoa debidamente autorizada por quen figure nela como representante)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
 3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
 4. **Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicará ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas.** Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirá as chamadas fora do horario sinalado por causa xustificada.
 5. O centro conta con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).
- O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.
 7. Non está permitido levar comida ao campamento, salvo en casos de necesidade por motivos de saúde debidamente xustificadas e comunicados previamente.
 8. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.
 9. Na páxina web, no apartado “Documentación para presentar (fase de adxudicación)” estará dispoñible o modelo de autorización para a recollida do/a menor, un enlace á declaración sobre a autorización de imaxes (anexo IV) da sede electrónica e outra información de interese.



INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **10.00 e as 13.00 horas** no CEIP Vilariño de Conso.

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación pode contactar co teléfono 623485032 durante os tres días anteriores á incorporación ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse entre as **12.00 e as 14.00 horas** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

- Toallas: unha de ducha e outra para a piscina e río
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación
- Cantimplora ou botella metálica para a auga
- Chaleco reflector
- Calzado axeitado para andar polo monte (deportivo, montaña)
- Chancletas para a piscina
- Mínimo un calzado axeitado para andar polo monte e outro para facer deporte

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Útiles de aseo
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Sandalias pechadas con velcro ou tipo escarpín
- Sombreiro ou gorra
- Camisetas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Repelente para os mosquitos
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiro ou forro polar, chubasqueiro, etc
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Mochila pequena de asa ancha para saídas (mochila tipo colexio)
- Roupas interiores suficientes para todos os días da quenda
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno



O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h. Almorzo
09.00 h. Aseo persoal, amaño e limpeza das habitacións
09.30 h. Activa-t
11.00 h. Refrixerio de media mañá
11.30 h. Activades de mañá
14.00 h. Xantar
15.00 h. Descanso e xogo libre
17.30 h. Merenda
18.00 h. Actividades de tarde
20.00 h. Regreso ao albergue
20.30 h. Cea
21.30 h. Veladas
23.00 h. Deitarse